

UNHA IMA XE MIL PÁIA BRAS

29. set-30 nov.



1º e 2º andar, Facultade de Filoloxía (USC)



UNHA IMAXE E MIL PALABRAS

John Berger abre o seu coñecido libro de ensaios *Ways of Seeing* (1990) expoñendo como a vista chega antes que as palabras, de igual modo que as crianzas observan, recoñecen e, só despois, falan.

A exposición *Unha imaxe e mil palabras*, inscrita no programa de exposicións artísticas da Facultade de Filoloxía, nace desta apreciación e pretende constituir un exemplo da importancia de utilizar o discurso visual para comunicármonos de xeito máis efectivo.

A mostra supón o primeiro proxecto expositivo de Jorge Rodríguez Durán como artista gráfico e deseñador e nel é posible apreciar unha evolución técnica e estilística, aínda que mantendo a aposta polo equilibrio entre o uso da linguaxe visual como elemento central no deseño e o apoio ao texto escrito cando se require.

O conxunto de carteis que integran a mostra funcionaron como un acompañamento visual ás actividades organizadas polos equipos do grupo de investigación Discurso & Identidade da Facultade de Filoloxía dende o 2016 ata a actualidade.

Estes obxectos estéticos e artísticos permiten poñer en valor o deseño gráfico como arte para o mundo contemporáneo.